

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA) PARA O FINANCIAMENTO DE PROXECTOS DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN QUE FACILITEN A APLICACIÓN E EXECUCIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA NO MARCO DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO, DA PESCA E DA ACUICULTURA (FEMPA)

Santiago de Compostela, a 13 de marzo de 2026

Reunidos

Dunha parte, Marta Villaverde Acuña, conselleira do Mar, actuando en nome e representación da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa presidencia.

Doutra parte, Damián Rey Rodríguez, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (NIF Q1500382E), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, e polo Decreto 117/2025, do 29 de decembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración e, na súa virtude

Expoñen

Primeiro.- Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido, o artigo 2 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, establece que a política pesqueira galega terá por finalidade a viabilidade duradeira do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego, garantindo a mellora das condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a estas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos, baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais.

En particular, as accións impulsadas pola Consellería do Mar perseguen , entre outras, alcanzar as seguintes finalidades: garantir unha explotación responsable, equilibrada e sustentable dos recursos mariños, asegurando que a actividade extractiva sexa proporcional á capacidade de produción das especies mariñas, impulsar o desenvolvemento e a ordenación responsable da acuicultura mariña, potenciar o emprego, os ingresos e o nivel de vida das persoas profesionais do sector, así como a seguridade das mesmas no desenvolvemento da súa actividade, fomentar a vertebración do sector pesqueiro galego, fomentar a renovación, modernización e mellora das estruturas pesqueiras, marisqueiras e acuícolas no marco dos recursos existentes, desenvolver e mellorar os procesos de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación na pesca, o marisqueo e a acuicultura e fomentar a formación e capacitación profesional do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola.

Polo tanto, a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa solidez e competitividade.

Segundo.- Que, segundo o artigo 9 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, e do posterior Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ten entre as súas competencias, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da súa dirección a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome dela, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Terceiro.- Que o Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados, establece que de cara a reducir a carga administrativa, debe ser posible aplicar, a iniciativa do Estado membro, asistencia técnica vinculada á execución do programa mediante un tipo fixo baseado nos avances na execución do programa que tamén pode comprender tarefas horizontais.

Neste senso, o Programa do FEMPA de España estableceu que haberá un fomento do uso da asistencia técnica facilitando a súa execución mediante a taxa fixa do 6%, polo tanto, a maior execución do Fondo maior orzamento de asistencia técnica para esta execución. Neste senso, o emprego dunha aplicación informática específica de xestión de axudas que posteriormente resulte compatible coa do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (actualmente a aplicación de xestión do fondo denominada ApliFEMPA), estímase fundamental para axilizar prazos e reducir a carga administrativa.

A través da Decisión de Execución da Comisión do 29/11/2022 aprobouse o programa “Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura: Programa para España” onde España, co FEMPA como principal instrumento de apoio establece os seguintes obxectivos para o período 2021-2027:

1. PESCA e MEDIO MARIÑO: Manter a pesca como actividade produtora sustentable mediante a xestión sustentable e a conservación dos ecosistemas mariños
2. ACUICULTURA e MEDIO AMBIENTE: Fomentar unha produción acuícola sustentable e competitiva, integrada no territorio e eficaz co uso racional dos recursos
3. CADEA COMERCIAL e ECONOMÍA AZUL: Modernizar, dinamizar e actualizar toda a cadea, desde a produción ao consumidor final
4. DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO (GAL): Fortalecer os GAL e as súas estratexias para as comunidades pesqueiras e acuícolas locais

Polo tanto, o obxecto do acordo considérase que cumpre cos requisitos de elixibilidade (S) establecidos no Programa Operativo do FEMPA 2021-2027 de España ao utilizar a asistencia técnica para apoiar ás operacións encamiñadas a acadar os obxectivos do devandito Programa e que contribuirán a afianzar a transición competitiva e sustentable, comezada no período 2014-2020, e avanzar cara a unha Europa máis verde e descarbonizada, para a viabilidade da actividade.

Así mesmo, consideraranse elixibles (S) todos os custes segundo o previsto no artigo 64 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de

xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

Polo tanto, de conformidade co disposto no artigo 41 do Regulamento (UE) 2021/1139, de 7 de xullo, polo que se establece o FEMPA, a porcentaxe do investimento elixible será do 100%.

Cuarto.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Por outra banda, o Consello da Xunta, na súa xuntanza do 1 de agosto de 2014, acordou aprobar "as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos".

Quinto.- Desde a efectividade da integración na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia dos servizos, recursos económicos e persoal de tecnoloxías da información e comunicacións da Consellería do Mar, a contratación en materia de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións corresponde, con carácter exclusivo, a aquela.

Non obstante, en atención a súa tipoloxía, os expedientes financiados con fondos FEMPA continuarán sendo xestionados pola Consellería do Mar ata que pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia se cumpran todos os requisitos legalmente establecidos para asumir a xestión antedita.

Tendo isto en conta, e de cara a conciliar esta excepción coa competencia exclusiva da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións, cómpre levar á cabo acordos de colaboración para o soporte dos traballos que teñen como obxecto principal o impulso de proxectos das tecnoloxías da información e comunicación que faciliten a aplicación e execución da asistencia técnica no marco dos regulamentos do FEMPA; traballos que deben ser dirixidos e coordinados pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Sexto.- Con data 10 de xullo de 2023 a Consellería do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia asinaron un acordo de colaboración para o financiamento de proxectos das tecnoloxías da información e comunicación que faciliten a aplicación e execución da asistencia técnica no marco do Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e da Acuicultura (FEMPA). Con posteridade, con datas 25 de outubro do 2024 e 12 de novembro do 2025 asináronse addendas, con obxecto de estender as actuacións e a vixencia, que finalizan o 30 de decembro do 2026.

Sétimo.- O proxecto de Desenvolvemento Evolutivo e soporte do Sistema de Xestión dos Procedementos de concesión de apoio financeiro no marco do FEMPA - (sistema de información AXUMAR), que da soporte á xestión de axudas no ámbito das axudas xestionadas no FEMPA e tense consolidado como un sistema base de alto interese para a súa extensión cara a novos procedementos de axudas e desenvolvemento de novas funcionalidades, que leva a considerar necesario seguir evolucionando o sistema de información que da acubillo a dito proxecto, así como de desenvolver novas funcionalidades que faciliten a mellora e adaptación a novas casuísticas e necesidades das distintas unidades xestoras que utilizan ou interesadas en utilizar dito sistema, mais alá da data actual do vencemento do acordo vixente, o 30 de decembro do 2026.

Con ese obxectivo cómpre ampliar a vixencia e o esforzo inversor, permitindo a súa evolución, así como o soporte e mantemento do mesmo durante 2026, 2027 e 2028.

Por todo isto, con base no exposto, as partes acordan asinar o presente acordo de colaboración coas seguintes

Cláusulas

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e comunicación que faciliten a aplicación e execución da asistencia técnica no marco do Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e da Acuicultura (FEMPA) .

Segunda.- Financiamento

O importe da achega da Consellería do Mar para a execución do obxecto mencionado ascenderá a un máximo de un millón vinte e oito mil euros (1.028.000 €), IVE engadido, para os anos 2026, 2027 e 2028.

Estes importes serán obxecto de retención de crédito nas seguintes aplicacións orzamentarias e proxectos do seu orzamento:

Aplicación orzamentaria e proxecto	OIX (1)	2.026	2.027	2.028	TOTAL
16.02. 723A 640.1, proxecto 2023 00193	DXPAIT	1.750 €	350.000 €	300.000 €	651.750 €

16.03. 723A 640.0, proyecto 2023 00192	DXDP	1.250 €	200.000 €	175.000 €	376.250 €
TOTAL		3.000 €	550.000 €	475.000 €	1.028.000 €
(70 % FEMPA, e 30 % Fondos Propios da Comunidade Autónoma)					

(1) OIX: Organismo Intermedio de Xestión (OIX) da Asistencia Técnica do FEMPA, onde se reflicten na anterior táboa como OIX:

- DXPAIT. Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica
- DXDP: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Esta actuación encádrase dentro das actuacións de asistencia técnica comprendidas no Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

Terceira.- Actuacións a desenvolver

Ao abeiro deste acordo, pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, desenvolveranse os seguintes proxectos:

- ✓ **Proxecto 1.** Desenvolvemento evolutivo, actualización de contidos e soporte do Portal de difusión das políticas financiadas polos Fondos Europeos, tanto polo Fondo Marítimo e da Pesca para o período 2014-2020 (Regulamento (UE) nº508/2014) como polo **Fondo Marítimo, da Pesca e da Acuicultura para o período 2021-2027** (Regulamento (UE) nº2021/1139). Esta plataforma web (actualmente dispoñible en

<https://femp.xunta.gal/gl>), toma apoio nunha ferramenta de xestión de contidos (CMS) que permite a súa operativa e actualización de contidos. O portal facilita a divulgación e fomento das actividades do FEMPA na Comunidade Autónoma de Galicia, xestionadas pola Xunta de Galicia a través da Consellería do Mar: amosar as axudas, facilitar a divulgación e comunicación, noticias e documentación e marco normativo asociado. Comprende así mesmo o soporte de dito portal durante o período de vixencia do presente acordo.

- ✓ **Proxecto 2.** Desenvolvemento evolutivo, actualización de contidos e soporte do Portal de difusión das axudas ao desenvolvemento local participativo financiado polos Fondos Europeos, tanto polo Fondo Marítimo e da Pesca para o período 2014-2020 (Regulamento (UE) nº508/2014) como polo Fondo Marítimo, da Pesca e da Acuicultura para o período 2021-2027 (Regulamento (UE) nº2021/1139) na plataforma web dos Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro (GALP). Esta plataforma web (actualmente dispoñible en <https://galp.xunta.gal>), permitirá divulgar e fomentar as actividades do FEMPA na Comunidade Autónoma de Galicia, xestionadas pola Xunta de Galicia a través da Consellería do Mar e nela cada un dos 8 grupos dispoñen da súa páxina. Este portal permitirá tanto a xestión de contidos polos propios GALP como por parte das unidades da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro responsables destes programas. A partir do portal difúndese información de utilidade para os interesados, información sobre as axudas concedidas, proxectos executados..., facilitando a divulgación e comunicación tamén de noticias e da documentación e marco normativo asociado. Comprende así mesmo o soporte de dito portal durante o período de vixencia do presente acordo.

- ✓ **Proxecto 3.** Desenvolvemento evolutivo e soporte do Sistema de Xestión dos Procedementos de concesión de apoio financeiro no marco do FEMPA (sistema de información FEMPA-AXUMAR): Este sistema dá soporte á xestión das axudas xestionadas no Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), tanto para procedementos da D.X. de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica como para os procedementos

xestionados pola D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro. O sistema incorpora unha arquitectura base de tramitación para a xestión de axudas que da soporte ás necesidades de xestión das axudas mencionadas. No marco do presente acordo darase cobertura á evolución de dita arquitectura base para incorporar máis funcionalidades e servizos, á necesaria e permanente actualización da arquitectura tecnolóxica, á incorporación de novas liñas de axuda tanto ordinarias como extraordinarias, e a evolución das integracións dispoñibles para facilitar o seu uso por parte do usuario.

No marco dos traballos a realizar deberase desenvolver un módulo de análise do sistema de tramitación que permita a visualización das axudas en modo rexistro e dos seus indicadores máis relevantes, así como ofrecer información do estado de tramitación dos distintos expedientes administrativos.

Sen prexuízo do establecido nesta cláusula, a colaboración derivada deste acordo poderá ser obxecto do desenvolvemento e concreción necesarios que sexa preciso, a través dos instrumentos ou das actuacións que se estimen necesarias para a súa consecución, de conformidade coa normativa vixente.

Cuarta.- Compromisos das partes

Ao abeiro deste acordo, pola AMTEGA desenvolveranse os seguintes compromisos:

- A tramitación administrativa e adxudicación do contrato ou contratos que teñan lugar para a realización do obxecto anteriormente definido. Para iso, a AMTEGA, como órgano de contratación, iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación e actuará no expediente de contratación e na execución do contrato en nome e por conta das partes participantes neste acordo e poderá exercer todas as potestades que a lexislación lle recoñece ao órgano de contratación fronte ao contratista, sen prexuízo da adecuada coordinación nas relacións internas coa Consellería do Mar

- O seguimento e a dirección das actuacións obxecto do acordo e contratos derivados do mesmo
- O cumprimento das medidas de información e publicidade establecidas na cláusula sétima do presente acordo
- O expediente de contratación tramitarase consonte aos pasos e documentos establecidos no Manual Xeral de Procedemento para a Xestión, Seguimento e Control das Operacións Financiadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Programa Operativo 2021 - 2027), para o que se contará coas indicacións e apoio necesario por parte das unidades da Consellería de Mar responsables do seguimento e coordinación dos proxectos con financiamento FEMPA.

Ao abeiro deste acordo, pola Consellería do Mar, desenvolveranse os seguintes compromisos:

- A tramitación económica e o financiamento dos expedientes de contratación derivados do presente acordo
- O abono ao contratista ou contratistas polos servizos prestados, nos termos establecidos no contrato e segundo o prezo de adxudicación, unha vez recibidos de conformidade e certificados pola AMTEGA.

A AMTEGA e a Consellería do Mar, desenvolverán de xeito conxunto os seguintes compromisos:

- Elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas
- Participación no órgano de contratación, que estará asistido, se fose necesario, por unha Mesa de Contratación constituída por persoal da AMTEGA, e un representante designado pola Consellería do Mar. Tamén poderá participar persoal de ambas partes na emisión dos informes técnicos.

Asemade, desenvolverase polas partes calquera outra actuación que, sendo complementaria das anteriores, acorden a Consellería do Mar e a AMTEGA, sempre que o seu custo estimado non supere o importe da achega máxima da Consellería recollido na cláusula segunda.

No caso de actuacións que supuxeran un engadido temporal ou financeiro sobre o marco establecido no presente acordo, poderán subscribirse as addendas que ambas partes acorden.

A titularidade dos sistemas e calquera resultado obtido coa execución das actividades obxecto do presente acordo, será da AMTEGA, conforme ás súas competencias.

Quinta.- Medidas de Publicidade do FEMPA

A AMTEGA haberá de cumprir, naqueles proxectos con financiamento FEMPA, coas medidas de información, comunicación e publicidade establecidas no artigo 60 Regulamento do 2021/1139, do 7 de xullo, e demais disposicións que se establezan ao efecto.

Sexta.- Vixencia

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto, e como data límite o 30 de decembro de 2028; sen menoscabo das posibles addendas ou prórrogas que as partes podan establecer e formalizar antes da finalización da vixencia inicial deste acordo.

Sétima.- Publicidade do acordo

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do acordo de colaboración o disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Procederase a súa inscrición no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa, e rexerase pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e pola demais normativa de aplicación.

As discrepancias que poidan producir resolveranse nos termos previstos no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo no lugar e data sinalados.

Pola Consellería do Mar

Pola Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia

A Conselleira

O Director

Marta Villaverde Acuña

Damián Rey Rodríguez